

CONTRATO DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE AMES”.

Na Casa Consistorial de Ames a 27 de xaneiro de 2017.

R E Ú N E N S E:

Dunha parte, D. Jose Manuel Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaria accidental do Concello, Dª Concepción Vilas Cantelar, en execución dun acordo adoptado polo Pleno do Concello de Ames en sesión de data 29 de decembro de 2016, relativo a adxudicación do concurso para outorgamento da concesión da xestión do servizo público do ciclo integral da auga do Concello de Ames.

De outra parte, como adxudicatario da devandita concesión, “ESPINA Y DELFIN, S.L.”, con C.I.F. B-15026693, neste acto representada por D. Amador Mosquera Liste con N.I.F nº 33.231.426-Z, con facultades suficientes para a sinatura do presente contrato, segundo poder outorgado por dona Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez, conselleira delegada de Espina y Delfín, en data vinte e cinco de xaneiro de dous mil oito, ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Marcelino Estévez Fernández, baixo o número de protocolo cento setenta e catro.

Recoñécendose ambas partes capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente contrato de xestión de servizos públicos, faise mención os seguintes

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

O pleno do Concello de Ames en sesión celebrada o día 28 de abril de 2016 acordou aprobar o expediente de contratación para licitación da xestión do servizo público “Ciclo integral da auga” do Concello de Ames, mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa e con varios criterios de adxudicación.

Despois de realizarse a correspondente publicidade da licitación e demais trámites oportunos e unha vez puntuadas as ofertas dos licitadores, a mesa de contratación, en sesión de 21 de novembro de 2016, elaborou a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación, propoñendo ao órgano de contratación a adxudicación a favor de Espina y Delfín, S.L.

O pleno do Concello (órgano de contratación), unha vez que pola adxudicataria se presentou a documentación preceptiva (garantía definitiva, acreditación de non ter débedas coa seguridade social, facenda, etc.) para proceder a adxudicación acordou, en sesión do día 29 de decembro de 2016, adxudicar o devandito contrato a Espina y Delfín, SL nos termos e condicións establecidos pola mesa de contratación e que figuran na certificación adxunta.

De acordo co anterior e o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o “**CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE AMES**” e ao obxecto establecense as seguintes

C L Á U S U L A S:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto principal deste contrato a concesión administrativa da xestión dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais do Concello de Ames, de acordo co establecidos no pregos de cláusulas administrativas particulares e prego de prescripcións técnicas, así como coa oferta formulada polo adxudicatario.

O prego de cláusulas administrativas e de condicións técnicas que rexí este contrato foi aprobado por acordo do Pleno do Concello en sesión de data 28 de abril de 2016, e por tanto forma parte integrante do presente contrato incorporándose como anexo ao mesmo, xunto coa oferta económica formulada polo adxudicatario. De acordo co establecido nos devanditos pregos tamén constitúe o obxecto do contrato a prestación dos servizos de colaboración e asistencia técnica, material e informática ao exercicio das funcións de xestión tributaria, censual e recadatoria do Concello de Ames en relación coa taxa pola prestación de actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana (para os que o feito imposible sexa a recollida no art. 2.1 da súa ordenanza fiscal reguladora), e en xeral, para a realización daqueles traballos de colaboración que non impliquen exercicio de autoridade, co fin de conseguir a máxima eficacia no cobramento dos tributos, que constitúen fonte de financiamento da facenda local.

Constitúe igualmente obxecto do presente contrato a colaboración e asistencia técnica, manterial e informática nas relacións e comunicacións que, respecto aos recursos tributarios ou de natureza pública que teñen relación con este contrato, se realicen coa Deputación provincial de A Coruña para a recadación en vía executiva dos referidos recursos, en virtude da delegación de competencias en materias tributaria do Concello de Ames, de acordo coa aprobación definitiva da delegación de competencias en materias tributaria do Concello e a correspondente aceptación da Deputación Provincial da Coruña (publicadas no Bop nº 14 de 21/01/2013 e no nº 24 de 04/02/2013, respectivamente) que se rexerán fundamentalmente pola normativa ditada pola propia Deputación.

Do mesmo xeito, incluirase dentro do obxecto do contrato a elaboración e presentación en nome do Concello, previa autorización deste, de documentación relativa á liquidación do canón da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais, e apoio na presentación da mesma. Tamén se inclúe á asistencia técnica, asesoramento e elaboración e presentación en nome do concello, previa autorización deste, de documentación relativa a calquera outro tributo que grave os servizos comprendidos dentro do ámbito do contrato, incluíndo expresamente a asistencia técnica, asesoramento e elaboración de documentos relativos ao IVE, tanto no relativo aos recibos presentados ao pago do usuario final, coma no relativo ás obrigacións do Concello de Ames derivadas do ámbito do presente contrato.

A contratación dos traballos definidos non suporá, en ningún caso, menoscabo das competencias atribuídas á Administración municipal como fórmula de xestión directa dos servizos de recadación de conformidade co disposto no art. 85.3, apartado a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A empresa non terá, en ningún caso, o carácter de órgano de recadación, non dependerá organicamente do Concello, nin estará incluída na estrutura administrativa deste.

SEGUNDA.- PRAZO DA CONCESIÓN E PRÓRROGAS.

O prazo da concesión da xestión é de DOUS (2) anos contados dende o inicio da prestación dos servizos, prorrogables por períodos de UN (1) ANO, con un máximo de DUAS (2) PRÓRROGAS, según o estipulado na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

TERCEIRA.- COMEZO EFECTIVO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS.

O adxudicatario comezará a prestación dos servizos o vindeiro día 24 de febreiro de 2017, comenzando nesta data a transcurrir o prazo de duración do contrato.

CUARTA.- PREZO.-

De acordo cos pregos e a oferta formulada ás principais contraprestacións económicas do contrato son as seguintes:

CONCEPTO	PREZO M3 AUGA FACTURAD A COA ETAP	PREZO M3 FACTURADO SANEMAM. E DEPURACION	PREZO M3 CIRCULACIÓ N AUGA EN ALTA A TEO	PREZO M3 AUGA FACTURAD A COA ETAP A BRION	% BAIXA APLICADA A SERVIZOS USUARIO (CLAUS. 15 PREGO)	% DE BAIXA SOBRE PREZOS DESCOMPOST OS ANEXO VI	IMPORTE OFERTADO OBRAS REPARACIÓ N
PREZO	0,5580	0,5580	0,0000	0,2628	76,00%	56,00%	300000,00

QUINTA.- REVISIÓN DE PREZOS.

A revisión de prezos, de se-lo caso, realizarase de acordo cos límites e fórmula establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares.

SEXTA.- GARANTIA DEFINITIVA E PAGO DE ANUNCIOS.

De acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas polas que se rexeu o concurso, o concesionario constituíu unha garantía definitiva por importe de 100.000.- euros mediante pólica de seguro de caución de Mapfre Global Risk nº 9306807924000, de 7 de decembro de 2016, para responder do correcto cumprimento do contrato. Así mesmo o adxudicatario abouo ao Concello, segun resgardo xustificante que se acompaña, a cantidade de MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.256,54 euros) en concepto de reembolso de gastos de publicacións.

SÉTIMA.- CUMPRIMENTO DE CONDICIÓNNS.

O adxudicatario deberá cumplir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescripcións técnicas polas que se rexeu a licitación e coa proposición formulada, así como co Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable e depuración do Concello de Ames (Bop nº 86, de 8 de maio de 2014) e a normativa vixente que lle sexa de aplicación.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescripcións técnicas, o anexo co cadro de prezos descompostos que rexeu para adxudicación do concurso, así como a totalidade da documentación da oferta presentada polo adxudicatario, aceptan plenamente o seu contido e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-

O CONTRATISTA,-

A SECRETARIA ACCTAL,-



